



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

Refraneiro galego

II. *Outra vaca no millo*



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel

Confederación de
Empresarios de Lugo

CEO



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



XUNTA
DE GALICIA



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

Refraneiro galego II

Serie tomando como “soporte” famosos refráns e expresións típicas de Galicia

- Capítulo I: *Nunca choveu que non escampara.*
- **Capítulo II: *Outra vaca no millo***

Dependendo da zona de Galicia, dise tamén “*Outra vaca no maínzo*”

É unha expresión típica de Galicia, que contén moita información. Pódese usar en distintos contextos en con distintos significados:

- para indicar que unha persoa actúa igual de mal que outra (como dicir en español “*otro que tal baila*”)
- para expresar que un feito ou unha acción determinada é igual de inconveniente que outra anterior (como dicir en castelán: “*éramos pocos y parió la abuela*”; o que significa que se xa non tivéramos cousas malas ata o momento, chega outra mais).

Tradución literal ao español: “*Otra vaca en el maíz*” (que non se usa).

Existe unha expresión moi semellante en castelán: “*Otra vez la burra al trigo*”.

Pero a galega ten moita mais retranca...

Que “*acomodo*” ten esta expresión na contorna da igualdade de xénero?

Pois naquelas situación nas que se seguen a perpetuar os estereotipos de xénero, no canto de fomentar a igualdade entre menos e nenas ou homes e mulleres: Como exemplos, e para que se entenda perfectamente:

A. Expresións habituais (aínda a día de hoxe), que indican claramente que tanto os roles como os estereotipos de xénero afectan a nenos e a nenas:

Referidos a elas	Referidos a eles
Falas como un marimacho	Ten un estilo efeminado
Non leves esa saia tan corta, que vas provocando...	Un home non chora, parece unha nena
A muller non ten autoridade para ocupar postos de dirección	Os homes “ <i>modernos</i> ” colaboran nas labores do fogar

B. Cultura, formas de pensar coas que se transmite aos/ás nenos/as determinados estereotipos, de modo que, cando chegan á adolescencia, xa teñen conductas adquiridas:

- A cada xénero presupónselle un determinado comportamento. A sociedade espera unha forma de ser, unha aparencia ou vestimenta definida segundo o xénero. Quen non se “axusta” ao esperado pode sufrir presións ou castigos

para axustarse ao comportamento que é considerado o apropiado para o seu xénero.

- A sociedade segue asociando roles a nenos e nenas: elas son “*vulnerables*” e deben ser protexidas, mentres que eles son fortes e independentes...
- Hai condutas que non son válidas para unha nena. Por este motivo, a elas restrínxellas saír de casa e, se chegan tarde, os seus proxenitores molestaranse, pero é algo que non está mal visto se es un neno.
- O deporte non queda fora dos puntos anteriores: tanto a eles como a elas incítaselles a practicar xogos diferentes. Neste caso, o colectivo docente ten moito que aportar velando pola igualdade de condicións na práctica de calquera deporte, xa sexa nivel curricular ou en actividades de tempo libre ou extraescolares.

Atendendo a todo o anterior, temos claro:

1. É na educación onde podemos actuar de raíz para eliminar a desigualdade entre homes e mulleres.
2. Que se as persoas que, xa dende moi noviñas, crecen cunha serie de restricións sociais determinadas polo seu xénero, na súa etapa adulta serán homes e mulleres que terán interiorizado ideas como que as mulleres son débiles e os homes son poderosos.
3. É importante que todos (homes e mulleres) sexamos conscientes de situación como as que describimos anteriormente, e que aínda queda camiño por percorrer para acadar a igualdade.

Como cada persoa, co seu exemplo e actitude, decide que tipo de valores quere defender e inculcar, que se traducirá en que tipo de sociedade quere vivir, está nas nosas mans deixar claro o rexeitamento ao sinalado nos apartados A e B.

E, unha forma facelo, é responder a esas actitudes, formas de pensar e expresións coa frase do capítulo de hoxe:

“Outra vaca no millo”!

Seguro que o entenden.

Se precisas apoio ou apoio técnico, podes contactar co noso Gabinete de Igualdade:

igualdade@ceg.es

981 555 888

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade